

De estudos e textos dramáticos

Sempre subliñamos en FARO DA CULTURA o labor que se está a facer desde a Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Mayor, creada por este coñecido ensaísta ao abeiro da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Desde a súa creación, e como parte do proxecto do Centro de Documentación alí existente, lévanse publicado, coa axuda inestimable do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, un número importante de volumes que destacan pola súa heteroxeneidade, pois a liña editorial contempla tanto a edición de textos históricos da literatura universal como a coñecida traxedia *Castro*, de António Ferreira, ata estudos de poética escénica contemporánea como o que Ana Kiffer dedica a Antonin Artaud. Unha mostra desa diversidade son os tres títulos que agora presentamos.

Primeiro, destacamos o estudo que Antoni Nadal titula *O teatro mallorquino do século XX* e que nos chega desde a tradución de Xesús González Gómez. Un estudo particularmente interesante para espazos culturais como o noso, por termos vivido aquí unha situación similar á que se padeceu nas Illas Baleáricas. En efecto, a peripecia da literatura dramática e da creación escénica das Illas é moi similar á que se vive en Galicia, sobre todo se consideramos os eixes arredor dos que o autor constrúe este seu relato. Fala en primeiro lugar da etapa de normalización teatral que se vive en Mallorca entre 1901 e 1936, para despois iniciar o reconto do proceso de regresión que implica o longo período franquista. Finalmente, o autor considera as pautas e os resultados dun segundo proceso de configuración do sistema teatral, o que vai de 1975 ata 2000. Un apéndice a respecto do teatro nas outras illas, un capítulo con documentos varios, unha cronoloxía e unha bibliografía básica, completan un volume sumamente útil.

Chega despois un traballo verdadeiramente excepcional de Emilio Xosé Ínsua López, o titulado *Sobre O Mariscal*, de Cabanillas e Villar Ponte, que nace da súa tese de doutoramento, centrada na obra e no pensamento de Antón Villar Ponte. Sabido é que *O Mariscal* ten sido cualificada como unha das obras máis transcendentais da literatura dramática galega, tanto por razóns puramente literarias como por cuestións de tipo sociolóxico, histórico e mesmo político. Pois esa obra, *O Mariscal*, supón, entre outras cousas, unha aposta decidida pola reconstrución da historia da nación, desde unha perspectiva mítica e simbólica, e nese proceso participan dúas das figuras máis salientables no segundo Renacemento galego: Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte. Sendo así, Emilio Xosé Ínsua constrúe un relato, moi rigoroso e moi documentado, no que amais de dar conta da peripecia literaria do Mariscal Pardo de Cela, no eido literario e espectacular, desde a súa mesma xénese, tamén nos ofrece unha panorámica moi completa e complexa sobre o período obxecto de estudo, e que comeza no momento en que os dous esgrexios galeguistas inician unha longa e frutífera amizade.

Novas achegas da Biblioteca Arquivo Francisco Pillado

MANUEL F. VIEITES

Estamos, xa que logo, diante dun estudo sobre o proceso de reconstrución cultural que ten lugar en Galicia no primeiro cuartel do século XX, proceso no que a creación dramática vai xogar, como nos mostra o autor desde traballo magnífico, un rol fundamental. Pero estamos tamén, e sobre todo, ante unha mostra incuestionable da enorme madurez dunha nova xeira de investigadores que están a renovar profundamente os estudos literarios galegos con achegas tan substantivas como a que hoxe comentamos. Un libro de moi doada lectura, moi ameno, e cheo de agradables sorpresas para todo tipo de lectores.

A terceira das entregas recolle diversos

textos do dramaturgo Xesús Pisón, que xa foran publicados en diferentes volumes, algúns mesmo en datas recentes, e que agora aparecen reagrupados e presentados polo escritor e profesor Henrique Rabuñal que nos ofrece un estudo introdutorio ben interesante sobre a obra de Pisón: alguén que se presentaba diante do público lector e espectador a comezos dos oitenta cunha obra de grato recordo para moitos mestres e escolares, pois moitos iniciaron a súa relación co teatro xogando con aquel enredo titulado *O xigante Don Gandulfo, señor de Tentequedo*. Estamos ante unha escolla de textos moi apropiada e acertada, pois os cinco mostran as preocupacións temáticas e formais do autor, a diversidade dos seus rexistros, e que se sitúan entre o máis interesante da súa produción. O propio título do volume, *Noite invadida*, alude a eses espazos de silencio, confusión e escuridade que caracterizan a conducta e as relacións humanas, problemáticas moi queridas polo autor. Completa o conxunto un apéndice documental con valiosa información, e que vai desde un currículo artístico, no que o autor reivindica con paixón a súa traxectoria, ata unha listaxe da bibliografía xerada pola súa obra.

Cadernos de teatro

Presentamos unha nova colección de textos dramáticos que ten os seus antecedentes naquela longa e lembrada serie dos Cadernos da Escola Dramática Galega. Unha vez máis Francisco Pillado Mayor está á fronte deste nova xeira da edición de textos breves, que agora se inicia ao abeiro de Edicións Laiovento.

Comeza a serie cun texto de Manuel Lourenzo, *Camiñar polo arame cunha lata de cervexa*, continúa con outro de Jacobo Paz, *Elevador*, e remata con *Coxegas*, de Xesús Pisón, que recolle varias pezas moi breves, nas que se sinte o eco dos modos de enunciación de Samuel Beckett, de Harold Pinter e, sobre todo, de Heiner Müller. Son, as de Pisón, sete pezas soltas, case como sete monólogos que non son monólogos; sete discursos que procuran novas maneiras de enunciación dramática e novas formas de presentación escénica, onde a palabra se converte en significativo fundamental, cheas de connotacións, de imaxes, de indeterminacións e preguntas.

Elevador é un divertido enredo en que dou mozos discuten sen parar mentres que agardan a que alguén os rescate do elevador no que se atopan encerrados. Os tópicos son múltiples e van desde unha crítica ao carácter científico de Freud ata os xuízos de valor que emitimos en torno ás creacións dos demais, ben que entre as palabras agromen algunhas interesantes emerxencias que queren ir máis alá do xogo e que amezan con traer ventos dunha traxedia que remata por non estourar.

Camiñar polo arame cunha lata de cervexa, que Manuel Lourenzo dedica a Juan Durán Alonso, autor de interesantes pezas de música contemporánea, é unha defensa en clave poética e forma de parábola, arredor da liberdade irrenunciable dos creadores ambulantes que percorren desertos de areas douradas onde imaxinan e constrúen xanelas polas que irrompe o mar, como ese mar único, de requintada beleza, que Juan Durán tan ben retratou na súa fermosa *Cantata Finisterrae*. Pois a música clásica, como o rock & roll, tamén existe. Tamén en Galicia. Non todo vai ser gaita e pandeiro, punta e tacón.

